




¿CURAS CASADOS?



O Papa saúda ó cardenal A. Lorscheider. (Fortaleza - Brasil). Dúas maneiras de ve-lo sacerdocio

Co pasado mes de outubro finalizaba en Roma o VIII Sínodo universal dos Bispos Católicos, que xuntou co asesoramento duns poucos expertos, a 238 bispos representantes das 100 Conferencias episcopais católicas, durante algo máis dun mes. O Papa chamou a estes bispos de todo o mundo para que dialogasen e aportasen doutrina, experiencias e suxerencias de acción sobre o tema "A formación dos sacerdotes hoxe. Identidade e misión". Asistiu, especialmente nomeado polo Papa o arcebispo de Compostela Rouco Varela.

Como o Sínodo, que cumpriu estes

Despois do VIII Sínodo dos Bispos

días 25 anos de existencia como institución, non é deliberativo (non toma acordos para o goberno da Igrexa) senón consultivo (dá consellos ó Papa e ás Congregacións ou Ministerios romanos), acabou os seus traballos de algo máis dun mes, presentándolle ó Papa unha serie de proposicións ou Ministerios romanos), acabou os seus traballos de algo máis dun mes, presentándolle ó Papa unha serie de proposicións doutrinais e operativas, sobre o sacerdocio e a formación dos sacerdotes. Esperamos proximamente recoller para os nosos lectores as máis

significativas. Moi probablemente, como fixo con outros Sínodos anteriores, o Papa escribirá un documento sobre o tema recollendo aportacións que agora lle suxiren os bispos.

Como sempre este carácter consultivo e non deliberativo foi criticado por unha minoría de bispos (e cardeais) que querían un goberno máis democrático na Igrexa e que ousaron dicilo así no Sínodo. Este proceso é lento pero vai adiante na Igrexa que, como institución enorme en dimensións e antigüidade, é moi lenta nos seus procesos. Por iso hai que dar moita importancia ós cambios, que poden parecer (e seren) moi pequenos, que van

(Segue na páx. 4)

i mos facendo memoria:
r ecobrando o ser galego que esquecimos.
i mos sementando patria:
m an con man inxertandoa entre os veciños
i mos facendo outra historia.
a favor dos rebaixados e oprimidos.

EDITA: Empresa periodística A. IRIMIA

DIRECTOR: Victorino Pérez Prieto, 27870 Xove (Lugo) Telé-
 fono 59 20 28 Fax: 982 - 592704 IRIMIA

MESA DE REDACCION: Xosé A. Miguelez, Daniel López
 Muñoz, Alfonso Blanco Torrado, Manolo Regal, Xosé
 Lois Vilar, Marta Sopena. Gumersindo Campaña

RESPONSABLES E COLABORADORES: Ramón D. Raña
 Xosé Manuel Carballo, Tereixa Ledo, Xosé Chao, Pauliño
 Pérez-Mendaña, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca,
 Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide
 Fdez.) Juan Antonio Pinto Antón, Alexandre Martín, Gui-
 llermina Mosquera, Eladio Vega, Francisco Carballo,
 Tintxu, D. Miguel Anxo Araujo, Miguel Suarez Abel.

DISTRIBUE: Mosteiro do Cister, Sobrado dos Monxes
 (Coruña)

SECRETARIA E ADMINISTRACION: Apdo. 5 Vilalba (Lugo).
 Telf. 982 - 508178

CONTA na Caixa de Aforros de Galicia, Villalba, n. 04950/0.

SUSCRIPCION por un ano: 1.800 pts. (1990)

DEPOSITO LEGAL C-1417-81

Permitese a reprodución total ou parcial, citando a
 procedencia.

A imprenta non se fai responsable dos erros cometidos nos
 artigos.

Impreso en GRAFICAS BAO.- Clérigos, 25 - LUGO.

PAGOS A IRIMIA

- Ano 1990: 1800 pesetas
- Ano 1989 e anteriores: 1300 pesetas

Por xiro

Por cheque (a nome de IRIMIA)

Por banco: na conta 4950/0 de Caixa Galicia en
 Vilalba.

- Os que domiciliaron xa cobramos nós.
- Poñede sempre como pagador o nome de quen re-
 cibe a revista.

E seica os que non paguen antes de fin de ano terán
 que ir ó San Andrés de Teixido de mortos e mais de
 vivos.

O TRASNO

Daniel López Muñoz

**Galego: Media de cal e trescentas
 cincuenta mil vintecinco de area, palada
 arriba, palada abaixo**

Tres feitos coma tres so-
 les (ou mellor, coma tres
 sombras):

Primeiro.- Créase a Escola Ga-
 lega da Función Pública, isto é, o
 Centro encargado da formación
 dos futuros funcionarios de
 Xunta de Galicia. A súa primeira
 actividade importante: os cursos
 de formación para os traballado-
 res da propia Xunta cara a unhas
 oposicións. Os sindicatos "fil-
 tran" o programa en fotocopias
 quitadas da documentación da
 propia Escola: todo en castelán.
 Empezan os cursos: en castelán.
 Ah!, iso sí, na inauguración da Es-
 cola discursaron en galego e os
 programas oficiais imprimíronse
 en galego, traducidos daqueles
 outros filtrados. Que ninguén
 ouse dicir que a administración
 non se galeguiza.

Segundo.- Parroquias do arde-
 dor da Coruña. Concellos que, se-
 gundo os padróns municipais te-
 ñen a máis dun 90% de xente que
 fala galego na súa vida cotiá. Or-
 ganízase unha Misión popular
 con aires renovados. Gran mobi-
 lización. Discursos de nova cris-
 tiandade; "¿quen xunta máis
 xente, os partidos ou a Igrexa?".
 Boas técnicas de organización

aplicada intensivamente: ase-
 mbleas por barrios nas casas, for-
 mación de comunidade e de for-
 madores de comunidades, ase-
 mblea de asembleas. Todo en cas-
 telán. Iso si, as veces, se non hai
 festa importante, o último do-
 mingo do mes míasase en galego.
 ¿Quen dixo que a Igrexa colabo-
 raba na "erradicación" do
 galego?.

Terceiro.- Televisións priva-
 das. Abondosa, abraiante oferta
 de películas, concursos, goles,
 anuncios e debuxos,... son tres, e
 todas en castelán. Agora van
 cinco contra unha en galego,
 ¿Quen dixo que os medios de co-
 municación estaban a limpa-lo
 país de galego falantes?.

Conclusións: a) Estamos asis-
 tindo á consolidación da "cara-
 dura linguística" por parte dos de
 sempre. E o que proponho chamar
 "linguocinismo".

b) Esa caradura dos de sempre
 permite seguir a mata-lo idioma,
 pero sen complexo de culpa. E o
 que proponho chamar "liguicidio
 con coartada" ou se preferides
 "liguicidio perfecto".

Outro día, palabra, falaremos
 das solucións.

O CARRABOUXO por XOSÉ LOIS

VOSTEDE É PARTIDARIO DE MAN-
 DAR FRAGATAS AO GOLFO?
 AI, SI, SI; FRAGATAS
 E FELIPETAS!



Deus hoxe

Encrucillada

Revista galega de pensamento cristián

“**O** Deus que había onte tamén o hai hoxe”; deste xeitoazona moita xente sinxela cando ve que se pretende cambiar cousas sobre a maneira de entender a Deus e de practicala relixión. ¡Cantas veces non oímos esta frase nestes últimos tempos de cambios, ás veces bos e acertados, ás veces non tanto!.

E con esta afirmación dise por unha parte unha grande e boa verdade: Deus era onte, é hoxe e será mañá o mesmo; nada de canto el é e representa poderá cambiar. Nada fará vira-lo seu amor apaixonado e gratis á xente, nada fará vira-la súa paixón polo que é xusto, nada fará vira-la inclinación tenra e teimosa polo pobre e marxinado.

Pero coa frase de que “o Deus que había onte tamén o hai hoxe” pódese estar defendendo algo que non é bo; e poden ser estas dúas cousas: ou ben negarnos a cambios necesarios que hai que facer, por exemplo, na forma de celebra-la Misa, ou na maneira de poñe-lo catecismo; ou ben -e isto sí



A PRESENCIA DE DEUS NO MUNDO ACTUAL

V ASEMBLEA DE SUSCRITORES E AMIGOS

que xa é máis serio- negarnos a admitir que Deus, co seu apego ó amor e á xustiza entre a xente, ten que confrontarnos en cada época cunhas circunstancias ben diferentes, onde poderemos e deberemos aclarar nós o seu nome e a súa realidade.

Todos témo-la tentación de facer de Deus unha cousa parada, morta. E Deus é activo e vivo. Non se deixa apreixar por ninguén, nin por ningunha época. Por iso está moi ben que cada persoa, cada xeración de xente se pregunte honradamente cales son os sinais que Deus nos ofrece hoxe para que hoxe o descubramos no anaquiño de gracia e verdade que poderemos vivir, acoller, transmitir. Deus sempre o mesmo e sempre diferente; sempre vello e sempre novidoso.

Algo disto é o que este ano pretende face-la xente de “Encrucillada” ó adica-la súa asemblea anual precisamente ó tema de “Deus é un, o mesmo sempre, pero a inmensidade do seu amor é da súa verdade deixaranse ver en galicia nestes nosos tempos dun xeito especial, que só os ollos limpos poderán contemplar.

PALABRAS DE IGREXA

Deus presente nos signos dos tempos

Debemos le-la Biblia e escoita-los seus relatos para obte-las claves; pero, se queremos oí-las últimas noticias sobre Deus e Xesucristo, debemos le-los signos dos nosos tempos.

O proceso que denominamos “interpreta-los signos dos tempos” é o proceso de descubri-la significación relixiosa dos acontecementos públicos, cousa que significa discernilos, diferencialos, e interpretalos relacionándoos con Deus.

Fálase moito da necesidade de interpreta-los signos do noso tempo, pero, na práctica, poucas veces se fai dun xeito riguroso, consciente e sistemático. As veces fano os predicadores nos seus sermóns, pero rara vez aparece nos escritos e investigacións dos teólogos. De feito, a interpretación dos signos dos tempos estase facendo hoxe con maior afán ca nunca, pero estase facendo dun xeito non-relixioso e por analistas políticos. En xeral, Deus e as tradicións sobre Deus non están sendo empregados para ilumina-lo significado dos acontecementos públicos do noso tempo e determinar o que nós deberíamos estar facendo ó respecto. E, cando se fai, moi frecuentemente faise mal, de xeito non profético, tímidamente, ou dunha maneira que só pode calificarse de supersticiosa”.

(A. Nolan, Dios en Sudáfrica, Sal Terrae, 1989, 35.37).

REMOENDO O EVANXEO

Render na vida

(18 de Nov. Dom. 33 do Tempo Ord.: Mat. 25, 14-30).

Uns máis e outros menos, pero todos temos unha certa cantidade de talentos ou cualidades ¿Que facemos con eles?. Cómpre:

— Poñelos en funcionamento, espabilando os medos e as preguizas que nos atan.

— Poñer os nosos talentos ó servizo de todos.

— Ter en conta que somos responsables ante Deus do que él puxo nas nosas máns, e responsables tamén ante os homes, nosos irmáns.

A hora da verdade

(25 de Novembro. Cristo Rei: Mat. 25, 31-46).

Os cristiáns cremos que ó remate vanse clarificar ás cousas:

— Encontrarémonos co Señor na nosa historia persoal. Un Deus que se fai pastor.

— Somente o que se fai por amor val a pena. Todo o demáis é esforzo perdido.

— A persoa éo máis importante, pois é a imaxe de Deus; e o servizo á persoa é o mellor culto que podemos ofrecer ó Señor.

De non ter isto en conta podémonos levar un bó chasco ó remate...



O DEZASEIS DE NOVEMBRO é o cabodano do asasinato de Ignacio Ellacuría e sete compañeiros máis polo Exército salvadoreño. Un ano despois, todo segue parecido, e a paz non chega. Outra volta, foron aprazadas as conversas

entre o Goberno e o FMLN. A guerrilla que apostou por unha saída democrática, despois de tantos anos de loita, converteríase nun partido político para transforma-las estruturas violentas daquel Estado e Exército.



AS ELECCIONS MUNICIPAIS fixeron remover a ola da política. E mentres Manuel Fraga volta da Inglaterra de Thatcher con recetas para o seu gabinete (iso que a premier británica está cada día máis aillada no seu país e fóra) os baróns do PP andan cabreados porque o señor mostra as súas preferencias por Cuiña. E Victorino quiere espallar os seus dominios máis alá de Ourense a costa da Coalición Galega, demostrando que a dereita segue sen ser un partido organizado, campeando cadaquén pola súa provincia e comarca.

UNHA XORNADA ADICADA O SIDA (o primeiro de Nadal) pouco vale, se non vai acompañada doutros xestos. Cáritas de Ourense vai montar un centro para enfermos terminais do Sida: catorce prazas con todo tipo de axuda. Houbo trescentos trinta nove casos, dos que xa morreron cento trece, pero que nestes anos se van multiplicar. Só no estado español hai seis mil douscentos enfermos (o terceiro estado de Europa), e



cada trimestre estanse declarando novecentos máis.

AS SUBVENCIONS seguen a crear situacións inxustas no reparto que está a facer a Xunta de Galicia; ás protestas das asociacións xuvenís, súmanselle agora as denuncias dos sindicatos labregos, pois Xóvenes Agricultores conta con once millóns máis (dezaioito) e Unións Agrarias menos da metade: (sete millóns), mentras que o Sindicato Labrego Galego, o de máis incidencia no noso agro, só leva doce millóns.



(Ven da portada)

abrindo camiños futuros. Un deles foi o da plena democratización interna no funcionamento deste oitavo Sínodo que foi máis asembleario que os anteriores. Outro, dentro da clara valoración que o Sínodo fixo do celibato dos sacerdotes e das voces dalgúns bispos e cardeais querendo que se discuta a ordeación sacerdotal de homes casados a pesar do ambiente en contra da Curia romana a que nin se mentase o tema. Pero hai realidades que o quitaron inevitablemente á luz. A primeira é a existencia, de sempre, de sacerdotes casados na Igrexa Católica, nalgúns dióceses orientais que conservaron esta antiga tradición que arrinca dos mesmos apóstolos. A segunda, a realidade dos 100.000 sacerdotes secularizados, que deixaron de exercer o sacerdocio, moitos e deles para poderen casar: a cifra non é pequena porque representa o 20/ do clero ordeado e o 25/ do hoxe en activo (arredor de 400.000 sacerdotes). A terceira é a gran falta de pastores en moitos lugares do mundo, que "castiga" por unha

disciplina papal a moitos batizados a estar sen eucaristía. A cuarta é a idade avanzada de moito dese clero, o non aumento total do seu número, e a situación de certa canseira ante o seu traballo pastoral que o Sínodo detectou nos comezos do seu traballo. E unha quinta, e significativa, é a ordenación de homes casados que excepcionalmente ten feito este Papa ou que consentiu que se fixesen, maiormente en persoas de pastores protestantes casados, que se fixeron católicos. Moi lentamente pero algo está a cambiar.

Claro é que a existencia de curas casados comportará tamén algúns custos e non vai ser cando chegue (desde logo non con este Papa) a solución máxica de moitos problemas do clero e da Igrexa. Sobre todo porque a vida cristiá que tanto nos libera e aporta, nunca foi doada, nin para o mestre Xesús que tivo cruz, nin para ninguén que lle queira ser fiel, celiibe ou casado, sacerdote ou seglar. A diferenza está en que algunhas dificultades fan crecer na ale-

gría porque nacen da loita por favorecer e coidar a vida, e outras crean frustracións porque se ven máis ben como afogamento de vida. Por iso a falla de entusiasmo cara as vocacións sacerdotais e a vida máis ou menos burguesa e/ou desilusionada de moitos sacerdotes, haxa curas casados ou non, deberá enfrontarse sempre, coa vida radicalmente entregada de Xesús indisolublemente a Deus e ó seu pobo. Os pobres, a fraternidade e a misión da Igrexa de transmitir o evanxeo a todos, son os retos, os medos, pero tamén a salvación dunha vida cristiá con sentido, como moitos bispos dixeron durante o Sínodo. Neste sentido moito do seu traballo ha ser válido na súa orientación aínda que de aquí á volta duns anos, que ninguén sabería dicir cantos, a figura do sacerdote ou pastor católico poida recibir importantes cambios que agora só tímidamente se apuntan entre os xerarcas da Igrexa, anque sexa case clamor popular entre moitos cristiáns, e non raro en Galicia.



O DEPORTIVO-CELTA, o vindeiro nove de decembro, xa está a caldear os ánimos da xente e dos aficionados, moitas veces empuxados pola irracionalidade dos rexidores de ámbalas dúas cidades. O Deportivo escomenzou mellor esta liga e soña coa primeira

división na que xugou na campaña 72-73. Os máis de deza seis mil socios que ten detrás non esquecen aquel Deportivo que foi semifinalista da Copa (tempada 88-89) e subcampión da liga, hai corenta anos (49-50).

o0o0o



A ASOCIACION POLOS DE-REITOS DO EMIGRANTE GALEGO estáse espallando por todo o país, ante a volta de miles de emigrantes de toda América. Entre cen e duascenas familias chegan cada mes a súa terra, procedentes daqueles países. Só en Vigo

asentáronse máis de mil galegos que chegaron da Arxentina nos últimos meses, e a acollida está a ser moi dura, os atrancos multiplicanse, tanto pola banda das autoridades, como pola sociedade cada día menos solidaria.

o0o0o



FILOSOFIA GALEGA e Filosofía en galego son unha mostra da normativización que ten que vivir o noso idioma. A Universidade de Santiago ven de publicar un libro: "O Pensamento galego na historia" que recolle varios traballos sobre os principais filósofos galegos: Amor Ruibal, Ramón Pi-

ñeiro, Castelao..., e Edicións Xerais está tirando á rúa, cadernos sobre os principais filósofos do mundo: Platón, Kant, etc. Estos libros foron experimentados durante dous anos polo colectivo Enxergo, e son bos instrumentos de traballo para o ensino.

AS REUMAS voltan a facer estragos na saúde de moita xente. Aínda que hai dúascentas cincuenta enfermidades con este nome, todas supoñen unha inflamación ou dexeneración das articulacións e do tecido conxuntivo da persoa. Máis de seiscentos mil millóns gasta este Estado ó ano por culpa deste mal: baixas no traballo, medicamentos, etc. En Galicia tamén é a artrose o mal reumático máis xeneralizado.



o0o0o

"HORIZONTES MATEMATICOS" é unha exposición que hai anos que vén recorrendo o mundo, e agora o noso país: Monforte ata o día dez, Pontevedra do doce ó vintedous, e desde ese día ata o cinco de decembro na Estación Marítima da Coruña. En doce seccións podemos achegarnos dun xeito sinxelo e lúdico ó mundo das matemáticas, física, do azar e da sorte, ás superficies e ás simetrías, etc...

o0o0o

"SITIO DISTINTO" é o programa estrela da tempada outono-inverno na nosa tele. Na noite dos xoves, está dirixido por Antón Reixa, que puxo toda a súa creatividade para facer unha televisión distinta, froito dunha imaxinación crítica e lúdica nun país imaxinario que pode se-lo noso.



Plan de saneamento gandeiro



Está xurdindo na nosa terra unha nova xeración de gando galego. Un gando máis forte, máis productivo, máis rendible.

Para que ésta nova xeración de gando sexa unha realidade, é necesario o esforzo de tódolos gandeiros galegos. Un esforzo de saneamento que a Xunta de Galicia está apoiando por tódolos medios. Colabora có Plan de Saneamento Gandeiro da Xunta de Galicia.



INDEMNIZACIÓNS POLO SACRIFICIO DE RESES EN CAMPANAS DE SANEAMENTO GANDEIRO

	Por cabeza
Vacas de leite de mentos de 6 anos	85.000
Vacas de carne de mentos de 9 anos	85.000
Vacas de leite de mais de 6 anos	80.000
Vacas de carne de mais de 9 anos	80.000
Machos de calqueira idade	67.000
Femias menores de 24 meses	67.000
Ovino de leite	9.000
Caprino de leite	11.000
Ovino e caprino de carne	7.000
Pago por decomiso:	
- 215 pts./Kg. canal vacuno	
- 190 pts./kg. canal ovino e caprino	

INDEMNIZACIÓNS COMPLEMENTARIAS

Explotacións de ata 7 cabezas:
 - 25.000 pts. por animal de leite.
 - 35.000 pts. por animal de carne.

Animais inscritos en Libros Xenealóxicos, razas autóctonas e bois de traballo: 15.000 pts. por cabeza

Beneficiate xa deste Plan. Por un gando mellor para tí e para Galicia.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

POR UN GANDO MELLOR

A formación profesional (1)

Necesidade da FP

Verdadeiros esforzos haberá que facer, para quita-lo complexo de inferioridade que a formación profesional e sobre todo a rama agraria arrastra, dentro do sistema educativo que vimos desenvolvendo.

A formación profesional foi considerada como unha vía académica de rango inferior, onde ían parar todos aqueles que non podían cos estudos pola rama xeral.

As familias normalmente orientan ós seus fillos cara o Bacharelato e a Universidade. O que serve fai estudos superiores e o que non, ó traballo.

Ante este dilema a Formación Profesional defendeuse de 2 formas: ben enmascarando o seu carácter profesional, tratando de parecerse máis ó B.U.P. e alonxándose cada vez máis da realidade socio-laboral; ou ben índose ó lado oposto, cunha formación de base insuficiente cun adiestramento excesivo que asfixia as posibilidades de promoción futura.

O noso país como calquera outro necesita profesionais competentes que saiban enfrentarse ós continuos cambios tecnolóxicos a que están sometidos os distintos sectores, cada vez máis dinámicos e productivos.

Dacordo co anterior a competencia profesional hai que estruturala dende os niveis básicos de cualificación profesional, de tal forma que o que decida orientarse polo mundo do traballo atope na formación profesional unha nova vía polivalente e diversificada que ó forme e prepare para a vida e o traballo, e sen que elo teña que ser pola forza e discriminatorio.

Ingredientes dunha boa formación profesional

- a) Amplia formación de coñecementos básicos
- b) Alto nivel profesional técnico:
 - Formación Profesional Base
 - Formación Profesional Específica.

— Formación Profesional no posto de traballo.

No xusto e equilibrado reparto de responsabilidades entre os distintos axentes sobre todo no campo da Formación Específica, reside probablemente o éxito dunha nova Formación Profesional.

Os cambios, que fundamentalmente afectan ós xoves nos distintos niveis educativos, queren, a súa vez, un instrumento para a forma-

A Formación Profesional de Base que comprende: Habilidades e coñecementos Técnicos Básicos relativos a unha familia profesional.

A Formación Profesional Específica que comprende: Habilidades e coñecementos relativos a unha profesión (abano de postos de traballo) agrupados por afinidade formativa.

Formación Profesional no posto de traballo que comprende: Habilidades e coñecementos propios dun posto



ción permanente de xoves e adultos que xa non están no sistema educativo.

Preténdese así iniciar o camiño cara a superación da actual separación entre a Formación Profesional reglada e gran parte da chamada formación ocupacional. Con encadres en marcos administrativos distintos e insuficientemente coordinados parecen pouco útiles para enfrentarse ó traballo. Ambos camiños teñen que converxer nun só que será o único válido para acadar unha apetecible e atractiva Formación Profesional.

A Formación de Base que comprende: Habilidades, actitudes e coñecementos xerais comúns. Non son específicos de ningunha actividade en particular senón que lle van ben a todos. Capacidade de comunicación, razonamento, cálculo, etc.

de traballo concreto.

A Lei concibe a Educación Técnica Profesional como un sistema único integrado no sistema educativo, se ben unha parte dela debe desenvolverse fóra do contexto escolar aínda que sen perder a súa conexión.

A administración educativa ten sobre sí a responsabilidade da educación xeral en tódolos seus niveis e os centros productivos deben se-los responsables da formación no posto de traballo. Na formación profesional de base os centros educativos deben busca-los apoios no mundo productivo e noutras administracións públicas e con eles comparti-la área de formación profesional específica.

Eugenio Martín Martín

A movida do PP

Por Tintxu



Partindo dunha situación de dominio da escea política galega, con maioría absoluta na Xunta de Galicia, o Partido Popular quere afianza-las súas posicións nas eleccións municipais do ano que vén. Trátase de reforza-los escasos puntos débiles que lle fan estar na oposición na Deputación de A Coruña e nalgúns concellos moi relevantes, coma os de Vigo, A Coruña ou Ferrol e de gobernar desde a sombra en sitios como Lugo ou Pontevedra.

Paralelamente a tal aspiración de maior presenza política nas principais cidades desenvólvese a loita polo segundo posto dentro do partido, ou pola sucesión de Manuel Fraga, xefe indiscutible.

Nas dúas direccións ó propio PP: a existencia e ambicións do eterno aliado, pero nunca sometido, Victorino Núñez.

Considerando de momento fóra das posibilidades o acceso á alcaldía de A Coruña, trátase para os dirixentes do PP de asegura-lo éxito noutros frontes. A estratexia a desenvolver en Lugo é, coma sempre, dominio reservado de Cacharro Pardo. Na provincia de Pontevedra os poderes de Xosé Cuiña, ata hai pouco presidente da Deputación e cada vez máis protexido de Manuel Fraga, están tamén consolidados.

A movida vai polo eixo Ourense - A Coruña, campos de manobra onde domina (no primeiro caso) ou pretende introducirse (no segundo) Victorino Núñez. O presidente de Centristas de Galicia quere preservar-lo seu futuro e iso pasa por unha presenza municipal notable onde domina e, mellor aínda, por unha ampliación a outros lugares. Dentro do PP non están as cousas moi claras: Romay Beccaría non quere contar na Coruña con aliados que lle poidan fallar, como xa foi o caso, mentres que outros confían en Victorino Núñez para controlar a eses aliados e para sumar unha porción indeterminada de votos que en ningún caso irían para o PP.

Este é o miolo das manobras que están en curso e que seguramente seguirán este mes. Para voar por libre ou para pesar máis nunha alianza co PP, Victorino Núñez quere recupera-los restos de Coalición Galega, contando co propio partido ou repescando ós que se vaian descolgando.

Xa van alá case os quince anos desde se produciu a primeira gran mobilización de labregos contra a prepotencia do gran capital industrial. Estabamos en plena transición política e eran tempos de loita dura. Na mente de todos aínda late a lembranza daquel cura fraco e enérxico, militante das "Labregas", de figura quixotesca con casaca, pucha e barba e que só tiña de rouco o seu forte vozarrón. Detrás da noticia e do titular estaba, e está, Moncho Valcarce, coa ilusión de sempre, irimego convencido, a loita continua.

— **Pero, Moncho, ¿que facía un rapaz de boa familia da Coruña coma ti metido naqueles fregados?**

— E cuestión de opción de clase. O estares mergullado na realidade non hai máis remedio que apostar polos menos favorecidos. Se che convence realmente o evanxeo e o analizas ves que o Xesús Histórico, o que despois chegou ó triunfo da Resurrección, estivo totalmente comprometido cos homes e mulleres marxinaos. A dura realidade de Galicia vista á luz do Evanxeo fíxome escoller. Porque o Evanxeo é totalmente radical, xa non é cuestión de dereita ou esquerda, vai alén da esquerda: porque ou se está cos pobres, os esmagados, os oprimidos ou se está co poder.

— **¿E cando descubres Galicia?**

— Eu empecei a descubrir Galicia alá polo 65 ou 66 en Roma, gracias a un grupo de galegos, os irmandiños. Torres Queiruga, Ferro Ruibal, Xoan Trillo, e outros... o segundo paso foi chegar a unha realidade a doce kilómetros da Coruña que se chamaba Sésamo e Sueiro. Tamén me axudaron a pro-



Teño unha grande esperanza: a historia é unha espiral que nunca vai para atrás

fundizar esa descuberta diversos militantes nacionalistas cos que empecei a relacionarme.

— **E todo esto lévate ó compromiso político. ¿De que xeito?**

— Eu nun principio militei na A.N.P.G., que non era un partido político senón, digamos, unha plataforma de xente diversa que tiña como norte a defensa dos intereses de Galicia. Non militei nun partido político, nin sequera no que eu chamo o partido irmán da-



quela A.N.P.G. Tamén mantiven unha colaboración continuada ata hoxe co Sindicato Labrego Galego, porque penso que o labrego segue a se-la clase de terceira. Nos malos tempos, no ano 74, estiven 15 días na cadea nos que o trato foi francamente duro. Cando me detiveron en Baldaio desfixéronme a cara da malleira que me deron. Curiosamente a un dos que me mallou no cuartel da Guardia Civil atopeimo anos máis tarde na Coruña e tomamos un vaso xuntos. Tanto nesa época coma máis tarde, cando era teniente de alcalde polo Bloque en Culleredo, levávame ben con tódolos grupos políticos: cando hai uns meses estiven en Culleredo alegroume ver que xente de tódalas cores políticas se achegou a saúdarme e a darme apretas ben sinceras. Hoxe sigo a militar dentro do Bloque, dentro do colectivo de independentes.

— E no referente ó teu paso pola política activa como concellal, ¿pensas que valeu a pena?

— Resultaron moi gratificantes eses oito anos de concellal en Culleredo porque era un traballo que se estaba realizando co pobo. Non en plan de caciquismo: "¡aquí está o Mesías!". Non, o mesías era todo o pobo: eran os pais de familia, eran os Centros Culturais e eran os equipos deportivos. En definitiva, o concello ¿que é?, é a casa común de tódolos veciños, debería ser como unha



Moncho Valcarce -segundo pola dereita- nunha mobilización labrega

asa de familia, onde os veciños teñan dereito a participaren en tódalas comisións.

— E ¿por qué logo non te presentaches outra volta?

— ¿De cabeza de lista?, porque volvería a saír. O lóxico é que veñan outros detrás, non sempre estamos os mesmos. Eu xa fixen o meu traballo e agora están facendo o seu traballo outros compañeiros. Oito anos de concellal chegáronme ben.

— Despois de Culleredo, un ano a Salamanca...

— Sí, déronme esa opción porque, penso, non sabían qué facer conmigo. "Este home xa non saíu concellal, de párroco xa o quitamos ¿e agora que facemos con él?". O ano de Salamanca foi proveitoso para min, charlas, cursos, bo ambiente,... foi un ano de estudio e descanso.

— E agora nas Pontes ¿como che vai?

— En principio sentíame mal ter que vir acá. Despois leveime a gran sorpresa deste equipo que temos aquí. Por iso agora cando me preguntan "¿Qué tal nas Pontes?" teño que contestar: estuendo, o único malo é a cheminea. Aquí hai un equipo de pastoral de oito persoas. Eu non sabía que raio era eso do equipo de pastoral. Pero estou encantado de cómo traballamos: xuntámonos os sábados para tratar o que se vai facer na semana e reparámo-lo traballo. Charo, xunto co Toño levan o peso da catequese na zona de

abaixo, M^a Carme no poboado. Herminia na cunca mineira... e logo están as parroquias do rural. E enriquece, non cabe dúbida, e ademais somos ben levados porque nos queremos. No tocante ós cartos hai un fondo común: ingrésase todo e o Consello Económico da Parroquia danos 50.000 ptas a cada ún. Eu teño que dicir que nunca gañei tanto.

— ¿Como ve-lo futuro de Galicia e da humanidade?

— A situación está negra pero eu teño unha grande esperanza, porque para min a Historia é unha espiral que, a pesar das aparencias, nunca vai para atrás. Como cristián vexo a Galicia e o mundo camiñando cara adiante, porque o final desta espiral está Cristo resucitado, e cando cheguemos ó final, darémolle unha boa apreta. Neste momento Cristo está na Cruz, pero estámolo descravando.

Gumersindo e Daniel


DOCUMENTACION

No mes de febreiro de 1976, a Empresa "Lignitos de Meirama" do grupo FENOSA, intenta por terceira vez ocupar pola forza as terras dos labregos da parroquia das Encrobas. Os labregos resistense e concéntranse masivamente no monte, enfrentándose fisicamente á Garda Civil. Reclaman un precio xusto polas terras que se lles querían expropiar, así como non seren desarraigados do seu entorno. Hai contusionados, feridos e detidos. A noticia é primeira plana en tódolos xornais. Desátase a solidariedade. Os labregos, apoiados polo nacente sindicato "Comisións Labregas", conseguiron sentar a negociar á dirección de FENOSA. A mellora na valoración foi cuantiosa. As mobilizacións servían para algo. Os labregos espertaban. Un nome corre de boca en boca, Moncho Valcarce, o crego das Encrobas.

Diccionario Escolar Galego

NOVIDADE

Normativo, útil
Feito para estudantes de E.X.B, BUP



galaxia

P.V.P.
995

- Galego-Galego
- 16.000 entradas
- 560 páxinas
- Láminas ilustradas
- Mapas
- Apéndice ortográfico e gramatical

PÍDEO POLO SEU NOME: DICCIONARIO ESCOLAR GALAXIA

Conflicto dos aprendices en Bazán (Ferrol)

Existencia da Escola de Aprendices

Remóntase a hai moitísimos anos. En tempos cando aínda existía a ensinanza profesional. Era o único medio polo que os rapaces acadaban unha formación para o traballo que naqueles tempos precisaba de gran habilidade, pois a forma de traballar era artesanal. No Ferrol a Escola de Aprendices tivo moita fama, chegou a ter ata 800 aprendices e dela saíron toda unha serie dos mellores profesionais da zona de Ferrol.

Comezo do conflito

O problema preséntase cando a Empresa quere deixar fóra a 120 rapaces e rapazas que acabaron o período de aprendizaxe. A resposta do comité de empresa non se fai esperar, iniciando un proceso de loita. Entre as distintas accións que se levan a cabo hai que destacar un día de folga coincidindo coa botadura dun petroleiro para a armada, e impedindo polo tanto a mesma (por ese motivo a empresa denunciou ó comité abríndolle un expediente). Tamén se deu un paro de dúas horas en tódalas empresas da comarca e o peche do comercio local cunha gran manifestación, así como o peche de perto de 1000 rapaces aspirantes ás próximas prazas de aprendiz no edificio municipal.

En todo isto hai que destaca-lo apoio de tódalas forzas da cidade ó comité de empresa.



Razóns da empresa

- Que o tema non se recolle no convenio colectivo en vigor.
- Que, debido ás cargas de traballo para o ano que vén, que segundo ela non son boas, non se pode comprometer a coller ós aprendices.

Razóns do comité

- O dereito histórico ó posto de traballo sobre todo dos mozos.
- Cando entraron os aprendices, negociouse coa empresa que os postos de traballo eran necesarios. Esa necesi-

dade segue a existir.

· A firma do Plan de Viabilidade en vigor contempla unha redución da plantilla moi inferior á que se está levando a cabo (600 postos de traballo máis).

· Cos aprendices apóstase por unha empresa de futuro. Conséguese forza nova para adapta-la empresa ós tempos novos.

· O 50% da mocidade de Ferrol está no paro, sendo a Bazán a única posibilidade de acadar postos de traballo.

Opinión do comité sobre cal é o problema de fondo

En opinión de varios sindicatos, o fondo do problema non é outro que converter Bazán nun asteleiro de síntese ou xestión. Coa política de redución de plantilla que a empresa está levando a cabo, ésta ten a idea de quedarse cunha plantilla pequena para o acabado de certo tipo de obras. O resto da obra subcontrátase fóra da empresa principal, cousa que dá traballo á economía sumerxida e vai privatizando a empresa: Así éntrese de cheo na lóxica capitalista de redución de gastos pola vía rápida. E a táctica de divide e vencerás: ás empresas pequenas é máis fácil explotalas; xa todos sabémos-lo que pasa nas compañías auxiliares.

O tema dos aprendices vén sacar a luz o tema de fondo, porque del depende a opción polo tipo de empresa que se quere implantar.

H.O.A.C.; Mondoñedo-Ferrol

— “Talleres Mar”, historia e situación dun conflito laboral —

¿Qué é “Talleres Mar”?

Un varadeiro, situado na vila da Graña (barrio ribeireño da ría do Ferrol). Está adicado desde hai máis dun século á carenaxe e reparacións de pequenos barcos pesqueiros e pequenos mercantes. Nel traballan 25 persoas de distintas idades con experiencia e amantes do seu traballo.

O porqué do conflito

Hai cousa dun ano, non se sabe por que motivos (aínda que se sospeita: a maniobra dun empresario para obter diñeiro fácil), declárase crise de empresa. Tódolos intentos desde este momento van acadar que os traballadores cansen, abandonen as instalacións e deixen as mans libres

ó patrón para face-lo que lle veña en gana. Os traballadores son conscientes do que teñen que defender: o seu posto de traballo, sabedores da imposibilidade de acadar na zona de Ferrol outro traballo. Inician así unha loita polo mantemento do mesmo. Pretenden darlle continuidade a un varadeiro que -ó seu xuízo- ten futuro e viabilidade, xa que a empresa foi rechazando incomprensiblemente toda unha serie de ofertas que podían solventar este problema.

Estado actual

Ante o perigo de desmantelamento da empresa, os traballadores deciden pechase na mesma. Durante este tempo realizan unha serie de accións, de xestións ante orga-

nismos e autoridades: na maioría delas non atopan unha resonancia esperada, sobre todo da autoridade local. Finalmente -e tra-la visita do conselleiro de industria, Juan Fernández- a Xunta parece que intenta a mediación no problema. Parece que a solución do tema pasaría pola compra das accións ó empresario principal por outros empresarios que de verdade teñan vontade de poñer a empresa a flote. Hai esperanza de que esto se leve a cabo dentro de poucos días.

A nosa opinión

· Unha vez máis son os traballadores e as súas familias os que sofren as consecuencias da falta de responsabilidade e espírito empresarial. A patronal o único que lle preo-

cupa é o diñeiro fácil.

· Estase a xogar coa saúde física e mental dos obreiros e das súas familias.

· As leises seguen a favorecer e protexe-las accións claramente inxustas da patronal.

· Nos sentímonos solidarios coa loita destes irmáns nosos que o único que intentan é sufrir traballando sempre.

· Desexamos comprometer-nos afectiva e económica-mente con tódolos seus problemas. Esiximos ás autoridades que cumpran o seu deber de procurar solución a estes e a outros problemas semellantes, sen pasar a cambio ningunha contrapartida que supoña un maior sufrimento ós máis empobrecidos.

H.O.A.C. Mondoñedo-Ferrol



FALALLE GALEGO



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Congreso Internacional da Cultura Galega (22 - 27 - X)



Por Francisco Carballo

Durante unha semana celebrouse no Auditorio de Galicia (Santiago) un congreso de cultura galega, convocado pola Consellería de Cultura. A temática foi ampla, abrangendo aspectos histórico-xeográficos, literarios e artísticos. O método foi dobre: polas mañáns, unha serie de conferencias ininterrompidas. Sen coloquio. Un dos ponentes alcumou tal proceder de "exposicións ó galope". Polas tardes, mesas redondas sobre temática actual: antropoloxía, medios de comunicación, música, teatro, imaxe. O número de ponentes era alto, a participación do público escasa.

Para a cidade facilitouse á noite unha boa mostra de espectáculos: Yerma, en galego, Sempre Xonxa de Chano Piñeiro e un concerto da Orquestra Xoven de Galicia. Non está no meu ánimo facer unha crítica deste tal congreso. Xa a fixemos noutros meios. Simplemente dicir que de congreso, nada; de suma de actos plurais, todo.

¿E qué espazo tivo neste pseudocongreso a "cultura eclesial"? Unha ponencia tratou "do papel da Igrexa na evolución da Galicia Moderna". Desenrolou o tema ó P. Saavedra, profesor titular da Universidade de Santiago. A súa conclusión, dalgunha forma novidosa, foi que a Igrexa comportábase dacordo co comportamento do campesiñado. Os intereses deste eran os seus intereses ou eran os intereses que lle cumpría defender porque redundaban en favor da súa situación señorial.

Nas mesas redondas, onde se facía unha análise da actualidade cultural, non houbo nin desde a mesa, nin desde o público, quen averiguara as interrelacións desta cultura e o subsistema eclesial. Unha cultura móbil, presionada desde fóra e desde dentro, cambiante e necesitada de impulso e creatividade, é o nivel onde debe dialogar a Igrexa; é o magma onde ubicarse.

Parece, desde unha observación intuitiva, que grande parte da comunidade eclesial galega se precia e se move nas coordenadas das vellas clases medias e sectores dos máis inmovilistas e, polo menos nos centros villegos e urbanos, reacios na aceptación de todo cambio, concretamente dun cambio na liturxía en favor da lingua galega e da cultura deste país. Triste asunto se os cregos e outros axentes pastorais non advirten esta "encerrona" na que están metidos e que os leva ao nihilismo. Tamén agora hai unha "desamortización" de vellos hábitos e arcaicas glorias. O dialogar da Igrexa galega debe ser coas raíces e as vangardas mais sensibles deste país; co resto tamén, pero sen perder a liña do horizonte.

"Aulas da natureza"

Unha vez que rematou o verán é tempo de facer unha valoración sobor deste tipo de experiencias que chamamos "Aulas da Natureza" dentro dos programas de Educación Ambiental.

A educación ambiental é unha reivindicación do movemento ecoloxista dende hai moitos anos, que consiste en potenciar programas de concienciación ambiental en tódolos estratos da sociedade dende centros educativos, culturais, empresas, institucións... que hoxe tristemente apenas existen.

"Aulas da Natureza" complementa as numerosas actividades que no eido deste tipo de educación se desenvolven ó longo do ano por parte dos colectivos ecoloxistas e que van dende "Xornadas medioambientais" en concellos ata charlas en centros educativos, pasando por exposicións, concursos, proxeccións...

Esta experiencia consiste en integrar a educación no entorno natural e lévase a cabo nos meses de Xullo e Agosto, tradicionalmente de vacacións. Baseáse en acampadas onde se fan distintas actividades enfocadas todas elas a un maior coñecemento e defensa do medio ambiente. As actividades son variadas, recíclase papel, faise unha revista (en papel reciclado) por turno, excursións á montaña e ó río para coñecer os distintos ecosistemas, taller de bicis, teatro e monicreques, cultura popular (xogos, contos... dentro da aldea onde se desenvolven), patrimonio histórico-artístico traballos de granxa-escola, festas... adicadas a idades de 6 a 16.

A filosofía é darlle ó rapaz o protagonismo dentro da defensa da Natureza e a Paz; así, eles escriben cartas a representantes, participan nas terefas agrícola-gandeiras, deciden a vida en comun das "Aulas" a través de Asembleas... incluso son partícipes da contabilidade e eles mesmos deciden a qué adican os posibles beneficios (xeralmente a campañas pacifistas ou ecoloxistas).

A resposta é moi interesante e esperanzadora xa que ó "vivir" os problemas e as solucións, entran nunha dinámica que os anima a loitar por transformar a sociedade. Isto leva a que neles naza por fin esa conciencia ambiental que lles fai esquecer a televisión os xoguetes... a monótona e absurda realidade na que viven. Tentamos abri-lle os ollos ante outras realidades como é o "terceiro mundo", a desfeita ambiental ou a cultura do noso pobo. Xeralmente todos queren repetir e algun chora ó deixar as "Aulas".

Triste é que non sexa unha experiencia continuada logo na casa e na escola (quizabes ós poucos días esquecelles todo o que fixeron ante o mundo irreal da televisión). Tamen é desesperanzador que non se apoién este tipo de experiencias e teñan que ser levadas por pequenos grupos voluntariosos o que fai que moitos nenos non poidan chegar a disfrutar delas.

Pero bueno, o importante é que se faga algo, tentando co exemplo e pouco a pouco conquerilo.

¡¡Animo!!.

Xevale
(Apdo. 22 - Monforte - Lugo)

O mosteiro de San Clodio de Ribeiro

Parece ser que aló polo século VI aparece a primeira comunidade de monxos. Mais é no século XII cando escomeza a sentirse o labor que os monxos fan polas ribeiras do río Avia. O abade Pelaxio conta no seu testamento (ano 1158), como fixeron a igrexa e foron repoboando lugares: Leiro, Pazos, Gomariz... e ademais explica que plantaron viñas, "cousa que alí non había", roturaron moitos montes e fundaron casares. Polo 1.400 o mosteiro se tiña convertido no máis rico da bisbarra do Ribeiro. No 1.606 posuía 11.186 cavaduras de viñado, o que ven ser unhas 500 hectáreas; unha cuarta parte do que hoxe está considerado como lugar lexítimo do viño Ribeiro. Tendo en conta que nesta época o Ribeiro era considerado coma un dos viños máis prestixiosos e caros do mundo (por riba incluso do viño francés de Bordeos), resulta doado entender a riqueza deste mosteiro.

Máis estes tempos dourados xa foron. Aínda non hai dous anos que o abandonaron os dous derradeiros monxos benedictinos que o habitaban.



O viño e o mosteiro, dúas vidas paralelas con sorte desigual

Causa boa mágoa contemplar o seu estado ruinoso. Agora que, por fin, os viños do Ribeiro parecen querer recuperar parte do seu prestixio pasado, o pai deles, un dos seus primeiros promotores e divulgadores, está ferido de morte e de descoído. Non merece tal sorte esta valiosa peza da historia e do patrimonio galegos.

Galicia, patria de Fadas

Benquerido Director:

O tema desta carta é algo tan típico da nosa terra como son as fadas. Existen narracións populares, lendas, romances, e moitas cancións adicadas a elas. En Galicia, véñense transmitindo oralmente dende épocas remotas, e dende o século pasado, os eruditos galegos recollenas en breves estudos monográficos, sen que deica agora se tivesen realizado, que eu saiba, un estudio definitivo sobre este aspecto do folclore. Mais Galicia, un dos Fisterras de Europa, é, ademais, unha das patrias Europeas das fadas. Coido que en poucas partes se conservarán vivas no corazón do pobo tal cantidade delas. As montañas, os ríos e as fontes Galegas están poboadas de fadas, así coma doutros seres míticos, e tamén de almas en pena, aparecidos e pantasmas. Poucos vellos galegos deixaron de ver nal-

gunha vegada na súa vida "a santa compañia" que rolda misteriosamente nas noites de Galicia. E a figa de acibeche e os conxuros coma os cornos da vacaloura que penduran de moitos peitos coma defensa contra o misterio, próbanse, para algúns, tan eficaces, coma o escapulario.


Aquí en Oirán hai moitos destes contos. Falábame hai uns anos a tia Ramona de Alonso, unha velliña de quizábese cen anos, que por debaixo da casa do Garrido e da de Amieiro, hai unha fonte nun congostro que vai dar ós Mourriños; que daquela fonte vai sair unha cabrita branca que dará tres voltas no chan e escavará na terra un buraco, e deste buraco sairá ouro e prata para facer a calquera labrego rico; aínda que eu cavilo para min que coa porcallada que ten este illó, a cabrita non poderá atopa-la saída.

Bicos e apertas dende Oirán.

Xosefa

Familia

Pais superpreocupados



Abrígate que vai frío!. ¡Quita a chaqueta que vai calor!. ¡Hoxe, este cativo non comeu; temos que levalo ó médico!. ¡Xa cho fago eu que ti non sabes!. ¡Deixa iso que te vas mancar!... Así somos os pais que non deixamos á pequena-o en paz.

No fondo, temos medo á separación do fillo-a e cavilamos de seguido coa pantasía de que se o neno-a non vai con nós, seguro que lle pode pasar algo. Crémonos o recurso infalible dos nosos nenos-as. Tanto apego, tanta protección son un fraque favor que lles facemos. Sempre pode "pasar algo" cando non estamos canda eles. Certo. Pero

máis seguro é aínda que lles pasará algo se estamos con eles a cotío. Pasará simplemente que non lles deixaremos medrar, equivocarse, asustarse, perde-lo medo a relacionarse, discutir e saber mante-la propia opinión, alporizarse co compañeiro, errar e quedar frustrado, mancar a outro e sentir mágoa polo que se fixo, sentirse burlado e enrabexarse, pasalo ben e ser feliz, aprender a estar só e non precisar de axudas, andar en liberdade e gozar de ser libre. ¿Quen dá máis?.

Por veces deberemos estar co fillo-a. Por veces deberemos estar sen él-ela.

Programa para pais

Xa imos polo sexto programa "Preescolar na Casa". Unha boa oferta da T.V.G. Un programa educativo destinado ós pais de nenos que andan entre os 0 e os 6 anos.

No desenrolo do programa poderemos ver como contarlles contos e ademáis ir aprendendo o que cos contos se aprende. Sempre algunha canción que pode animar a que nós ensinemos outras e cantemos cos nosos pequenos. Tamén unha adiviña, lida e escrita por se a queremos copiar. ¿Seremos quen de acertala?. De non ser así, ó final hanos dicala solución.

Todos sabemos do interés dos nenos polo xogo ou por aprender xogando. Para iso, en cada sesión, danos unha idea práctica e



"Preescolar na Casa", unha boa oferta da TVG.

posible de realizar na nosa casa. Por exemplo, como facer pintura ou monicreques, como xogar cunha corda ou uns bloques. Por suposto, o que se amosa, vai acompañado dunha explicación do por que é importante facelo cos nenos.

No remate do programa, unha entrevista que trata temas de interés nestas idades de 0 a 6 anos. Conversas sobre da saúde, alimentación, desenvolto da intelixencia, socialización ou problemas máis concretos como cándo deixalos pañais ou qué facer diante das perrenchas dos nenos.

Se tedes nenos destas idades non esquezades o voso programa: "Preescolar na Casa", martes, 12,30, T.V.G.

Saúde

No caso de envelenamento

Con aspirinas

Os síntomas son:


- dores de estómago, sofocos e gómitos.
- hemorraxias na boca ou na gorxa
- pulso acelerado
- suores abondosas
- cara morada
- delirio e inconsciencia

Que facer:

- traslado urxente cara un centro de saúde.
- Namentres ir provocando gómitos.

Que non facer:

- tomar bicarbonato.



Con cogumelos ou setas


Que facer:

- intentar provocar gómitos con aceite de ricino
- traslado urxente a un centro de saúde.

Pasatempos


(Xan Cuba)

SOPA DE LETRAS



Lendo en tódalas direccións poderás atopar, nesta Sopa de Letras, os nomes de 10 Froitas

SOLUCIONS



¿E logo?

O primeiriño que hei facer é felicitar ós señores industriais de Calfensa, que aquí un día criticamos, por corrixiren agora o anuncio de televisión que dicía: "desque bóttolle...", posto nos beizos dun labrego que estaba nun tractor falando das *marabillas* (con B, do latín "mirabilia" - cousas admirables) do cal para as patacas, ó que outro labrego lle respondía: "tamén eu bóttolle..." Alguén os debeu avisar destas dúas barbaridades e a última vez que vin o anuncio, na segunda quincena de outubro, tiven que me descabrear porque xa o corrixiran: *desde que lle boto... tamén eu lle boto*.

Este defecto da mala colocación dos chamados pronomes átonos (me, te, se, nos, vos, lles...) é tan frecuente en xente que non marmou o galego coma inexistente en calquera paisano que estea afeito a falar desde neno. Mesmo persoas interesadas en falar galego e en aprendelo, non dan aplicado as normas e hai que convencerse que é unha cuestión gramatical non fácil, cando, pola contra, lles é tan doado ás nosas xentes que non saben outra gramática cá parda. O malo é que estes tales, ó veren na prensa e oíren na televisión tantas

vezes tamaño erro, poden chegar a dúbida do seu emprego correcto. Por iso insisto no asunto.

¿E logo, non o había facer? Se non o fixese, logo, alguén me diría algo.

Precisamente hoxe quería comentar tamén a palabra *logo*, que en galego ten dous significados, como fago ver nas liñas anteriores. Un exemplo: se eu lle digo a alguén: "¿fuches ó médico?". "Fun", respóndeme (os galegos adoitamos responder repetindo a palabra da pregunta). Sigo preguntando: "¿E logo?" E o meu interlocutor respóndeme: "porque me doían os cadrís". Pero traduzamos este diálogo ó castelán e verémo-lo que pasa: "¿has ido al médico?". "He ido". "¿Y luego". "Luego me vine para casa". O galego pregunta "¿e por que?" (¿e logo?) e o castelán non pode entender senón: "¿e despois?". Habemos ter coidadiño, logo, ó falar-mos en castelán non dicir "y luego" en vez de ¿por qué?. E xa que estamos nestas, advirto que con *logo* o pronome átono pode ir antes ou despois segundo sexa o significado. Exemplos: "logo (despois) fóronse deitar". En cambio: "logo (axiña) se foron".

*Debaixo dun castiñeiro
arreatoume o feitizo
de ver como regañaba
os seus dentes un ourizo.*

*Co seu sorriso gracioso
non resultou cousa estraña
que me brindase ós pés
o seu froito, a castaña.*

*Foron tantas as risadas
dous ourizos, por suposto,
que dei apañado tanto
coma pra facer magosto.*

*Convidei ós meus amigos
e lembramos con ledicia
que a castaña onte era
alimento en Galicia.*

*Fundamental alimento
ata chega-la pataca,
hoxe é postre, tamén festa
que a ningún da fame saca.*

*¿Por que é tan importante?
Quen sabe destes asuntos
di estar ligada a castaña
á memoria dos defuntos.*



*Calquera sitio é bo
para o pensamento,
para a palabra,
escrita ou falada,
para a expresión do que un é e sinte.*

*Unha persoa faise tal,
entre outras cousas,
na medida en que reconece,
acepta e potencia,
o seu xeito especial de ser.*

*Un pobo faise tal,
entre outras cousas tamén,
na medida en que reconece,
acepta e potencia
o seu xeito especial de ser pobo.*

*¡Ai, a terrible opresión
de querer facer unión
sen amar e respecta-las diferencias!*